

# SOBRE A SEGREGACION DE T-GESTIONA

O día 6 de xuño celebrouse a primeira reunión da Comisión de Seguimento do Proceso de Transferencia de TESAU a T-Gestiona, á que asistiron representantes das dúas empresas, e das Seccións Sindicais de CC.OO. e de UGT.

Previamente, constatouse, con alarma por parte de CC.OO., que o Director Xeral de Finanzas, Jaime Smith, ademais de ameazar a Xerentes e Xefes das Areas afectadas para que aceptasen o pase a T-Gestiona, apoiábase ademais nos sindicatos, que, segun él consideran a situación da plantilla en TESAU como de "demasiados privilexios". A alarma de CC.OO. débese na nosa opinión, non a que isto sexa falso, nin ás presións sobre os mandos, senón a que un Director Xeral ande decindo a verdade vox populi.

Na reunión determináronse as competencias desta Comisión, que serían de "clarificación e desenvolvemento" do Acordo de Transferencia, dos novos Contratos de Traballo e Cartas de Excedencia. Tamén a modificación destes dous últimos. Ademais, tería competencias no proceso de recolocación dos compañeiros que permanezan en TESAU.

CC.OO. expuxo nesta reunión varios elementos discutibles nos documentos citados (Acordo, Contrato, Carta de Excedencia), referidos no Acordo a certos detalles nas condicións laborais, categorías, xornada, vacacións, plans de pensións, Seguro Colectivo, asistencia médica e garantía de retorno. Tamén pide a modificación de ata 10 cláusulas do Contrato e dous apartados da Carta de Excedencia.

## VALORACIÓN:

1º) Evidénciase que o Acordo de Transferencia a T-Gestiona foi realizado pola Cúpula de CC.OO., non xa de costas aos Comités e aos afectados, tamén sen un debate previo nin consenso cos seus propios afiliados (a Sección Sindical) que piden agora aclaracións que deben esixirse antes de asinar un Acordo tan prexudicial para os traballadores, non despois.

2ª) CC.OO. pide a modificación de ata dez cláusulas (son en total dezanove) do Contrato con T-Gestiona. Cando o contrato xa está en poder dos traballadores, que teñen ata o día 23 de xuño para asinalo!! Ou CC.OO. non coñecía previamente o contido dos contratos, co cal a súa capacidade de seguimento e control deste proceso, da que alardeaban, non existe, ou coñecía, e non quixo ou non puido modificalos antes de seren enviados, co cal resulta a mesma incapacidade.

3º) As segregacións a T-Gestiona son rexeitadas radicalmente polo noso sindicato e pola maioría dos afectados, a pesar das presións que existen sobre éstos, sen que as modificacións menores que pretende CC.OO. introducir agora ao que eles mesmos asinaron hai un mes, vaia cambiar esta situación.

4º) Os paros e mobilizacións, e a resistencia da plantilla, que nin CC.OO. pode ignorar, xa está obrigando a "clarificar e modificar" os aspectos máis negativos da segregación. Retrasar a segregación ou **paralizala definitivamente está nas mans de todos.**

5º E ULTIMO) A CIG nunca dixo en ningún sitio que a maioría dos traballadores afectados de Tesourería e Contabilidade en Coruña estivesen afiliados ó noso sindicato. Quen afirma eso **MINTE**. A día de hoxe temos a mesma afiliación que tíñamos en decembro do 2001, cando empezou este conflito. A nosa posición respecto da problemática que teñen estes compañeiros non variou en absoluto en todo este tempo.

A Coruña, 19 de xuño de 2003